

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Jesús Neira Vilas do 13/07/1976**

**Colección:**

**Data:** 13/07/1976

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Jesús Neira Vilas;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

A Habana (local), A Habana (provincial), Cuba (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Autores/as; Emigración; Migracións;

**Mencionados:**

Eduardo Blanco Amor; Manuel Curros Enríquez; Isaac Díaz Pardo; Laxeiro; Urbano Lugrís; Antón Villar Ponte;

---

## **Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Jesús Neira Vilas do 13/07/1976**

Buenos Aires, 13 de xulio de 1976

Sr. Xosé Neira Vilas  
La Habana

Queridos Neira Vilas e Anisia:

Recibimos a carta do 24/VI que nos encheu de ledicia. Fai tantos anos que non sabemos uns dos outros, que constituíu unha sorpresa. Cecaís non fai moitos anos que tivésemos querido ternos comunicado máis a miúdo aínda tendo sempre algunhas noticias vosas a traveso de Isaac. A nosa vida é a de sempre, nos derradeiros meses máis pechados na casa. Viñemos en decembro de Galicia onde estivemos un ano deducindo mes e meio en Madride onde fixen unha exposición e uns días en Barcelona. Desta estancia, teríamos moito que falar, en xeral, da nosa

esperencia galega dende o primeiro viaxe que foi no sesenta. Eu fixen algunhas cousas, non moitas, exposicións, libros, o Museo Carlos Maside, e falar con xente, falar con quen me sinto máis a gusto é coas xentes da miña xeneración por razóns naturale, e cos que estiveron en América, Blanco Amor, Laxeiro, etc. América doulle aos galegos un senso de universalidade que os máis mozos téñeno, cecais, pro de outro xeito, e desviounos da tendencia aos problemas miúdos que alí se conservan, a tendencia á división minúscula. A min querenme, en xeral, todos. Mais comprendo o ir e vir á Habana de Curros. A saudade de Cuba de Antón Vilar Ponte e Lugrís Freire, dos que eu fun amigo, a de agora de Blanco Amor e do Laxeiro, de Buenos Aires, aínda que xa non matinen tornar. Aquí renegamos cada vegada que voltamos, mais a nós parécenos que aínda os máis loitadores dos nosos millores homes tenden alí ao Nirvana. Ou matinan que teñen todo o tempo do mundo pra facer cousas. Non embargantes, morremos por Galicia e por trocala no paradiso que soñamos durante tantos anos.

Nós voltaremos en xaneiro logo de cumprir algús compromisos en Buenos Aires. Teño novas esposicións en Madrid e Barcelona. Non pensen que somos pesimistas en canto a Galicia. Todo o contrario. Hai unha mocidade preocupada e extraordinaria en moitos aspectos, renascen, así se pode afirmar, o idioma, búscanse os libros galegos e afirman en actos a súa existencia. Eu estou con eles. A saudade nosa ten que ver coa esperencia e loitas propias e coas lembranzas máis que nada posiblemente de unha idade. Eu traballo como sempre no que podó e vostedes veñen facendo unha laboura que envexamos.

Esto é todo hoxe. Unha grande aperta, verdadeiramente grande de:

[Seoane]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.